

Arxentina: límites económicos e políticos tras anos de crecemento

Julio C. Gambina

A situación da Arxentina está mudando aceleradamente. Após a crise do 2001/2002 iniciouse un proceso de recomposición económico e político que parecía consolidarse nas eleccións de renovación presidencial de outubro de 2007. A expectativa era de continuidade (en especial en materia de economía) e de afondamento de liñas políticas para a normalización do sistema político na Arxentina.

O primeiro semestre de 2008 presentouse enrarecido en materia económica e política, principalmente concentrado na protesta das entidades rurais. Todo indica que esa situación influirá nas perspectivas de curto e mediano prazo, establecendo un límite estrutural ao consenso “kirchnerista” forxado entre maio do 2003 e febreiro de 2008. Desta maneira, iniciouse o fin do consenso ao bloco liderado por Néstor Kirchner e a súa parella e actual presidenta Cristina Fernández? Resulta prematuro contestar, mais é correcto formular o interrogante.

O consenso acadado (2003/2007) susténtase na melloría das condicións macroeconómicas, a recuperación de valores que remiten á loita antiditatorial (1976/1983) e unha política externa flutuante entre un achegamento á rexión, especialmente á Venezuela bolivariana, e o cumprimento dalgunhas esixencias de EEUU e o imperialismo, tal como a aprobación de leis antiterroristas e sacar ao país do cese de pagamentos (maio de 2005).

No entanto, no futuro próximo parecen deteriorarse todos eses aspectos. As perspectivas macroeconómicas xa non aparecen tan favorábeis. En materia de Dereitos Humanos segue sen aparecer o primeiro desaparecido na democracia, Jorge Julio López, e acrecéntase a xudicialización do conflito social. En política interna existen sinais de deterioración do consenso político e pode habilitarse un período de maior conflitividade e, en materia de inserción internacional, confirmase a especialización dos agronegocios e a produción extractiva subordinada ás determinacións do sistema mundial nesta época de transnacionalización.

Economía e política en 10 anos (1997-2007)

Arxentina sufriu unha crise moi importante a finais do ano 2001, coñecida internacionalmente polo establecemento do cese de pagamentos da súa débeda pública externa e a substitución do seu réxime de convertibilidade monetaria, que equiparara a moeda local ao dólar durante once anos, entre abril de 1991 e xaneiro do 2002.

Cadro 1
Evolución percentual do Produto Interno Bruto de Argentina

1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
8,1	3,9	-3,4	-0,8	-4,4	-10,9	8,8	9,0	9,2	8,5	8,7

Fonte: Ministerio de Economía. Datos a xullo 2008. En <http://www.mecon.gov.ar/>.

Deste xeito, o país sufriu unha profunda recesión entre 1998 e 2002 (Cadro 1), para comezar unha etapa de crecemento importante entre 2003 e 2007, que empezou a desacelerarse no primeiro semestre de 2008. Algúns prognósticos de crecemento establecen unha taxa entre o 6 e o 7% para o 2008 e unha perspectiva próxima ao 5 ou 6% para o 2009.

Existen causas externas e internas para explicar a desaceleración en cernes. Un aspecto de importancia para analizar a conxuntura económica e política neste sentido está motivado pola conflitividade xerada arredor da apropiación da renda agraria. É unha cuestión ligada a procesos externos e internos, derivado da excepcional suba dos prezos internacionais dos alimentos e á disputa pola apropiación do ingreso e a riqueza socialmente xerada. O tema merece a atención pois pode considerarse un momento de cambio na conxuntura.

O 10 de decembro de 2007 asumiu a presidencia da Nación Argentina, Cristina Fernández de Kirchner. Era unha conciencia xeneralizada que se asumía o goberno sería continuidade da xestión de Néstor Kirchner entre 2003 e 2007. A nova administración expresaba unha importante acumulación política, posta de manifesto na duplicación da percentaxe de votos obtidos no ciclo anterior (do 22 ao 45%), mais tamén na ampla maioría parlamentar en ambas as cámaras do Congreso Nacional (deputados e senadores).

Manifestábase así no plano institucional un consenso político e social creado desde a articulación gremial empresaria (principalmente de sectores produtivos da industria e o campo) e laboral (Confederación Xeral do Traballo, CXT), como núcleo de sustento da política económica, que nun marco de cinco anos de crecemento, potenciaba os consensos para un proxecto político (kirchnerista) pensado na alternancia presidencial do matrimonio Kirchner durante dúas décadas.

Nese contexto, a novidade a principios do 2008 foi a incorporación de Roberto Lavagna⁽¹⁾ ao Partido Justicialista (PJ), que estaba en proceso de reorganización e normalización para pór no trono a Néstor Kirchner como titular. Así se convertía ao PJ en partido de goberno, deixando atrás a estratexia “*transversal*” (articular partidos e movementos máis aló do peronismo) e a “*concertación*” (acordo con dirixentes da Unión Cívica Radical, UCR, proclives á súa asociación co kirchneris-

(1) Ex ministro de Economía dos ex presidentes Eduardo Duhalde e Néstor Kirchner entre 2002 e 2005 e candidato a presidente nas eleccións de 2007, nunha alianza entre radicais (UCR) e peronistas desconformes co kirchnerismo. Obtivo o terceiro lugar das preferencias electorais.

mo). A iniciativa foi lida como un avance na homoxeneización dun bloco político no goberno, agora liderado polo PJ conducido polo ex presidente e acompañado polos chamados sectores transversais e da concertación no goberno. Era unha manifestación da hexemonía política do kirchnerismo que ocupaba todo o espazo político, afastando toda posibilidade de acción á oposición. O fenómeno era visíbel na construción da fórmula presidencial, agora gobernante, entre Cristina Fernández (peronista) e Julio Cobos (radical).

Con todo, a dinámica da política e a loita de clases habilitou un sorprendente cambio de escenario, que pode proxectarse como crise política no curto e mediano prazo. O asunto é que o goberno pretendeu aplicar unha resolución que establecía retencións móbiles ás exportacións de produtos agropecuarios (soia, trigo, millo, xirasol)⁽²⁾. A resposta das organizacións agrarias, a través da Mesa de Enlace (SRA, Sociedade Rural Arxentina; CRA, Confederacións Rurais Arxentina; FAA, Federación Agraria Arxentina e CONINAGRO, Confederación Intercooperativa Agropecuaria) fíxose sentir en todo o país cun feche patronal acompañado de cortes de rutas e mobilizacións en todo o país. O conflito procesouse durante catro meses (abril a xullo do 2008) e tivo como resultado unha profunda mudanza do escenario político e económico.

Desde o punto de vista económico, evidenciouse un proceso de desaceleración da actividade, con elevación importante dos prezos, aínda que os índices de inflación están manipulados polo ente oficial, virtualmente intervido polo poder executivo desde comezos de 2007 e unha sensación (non hai indicadores seguros) de deterioración dos indicadores sociais que viñan en caída desde o teito máximo da crise en 2001/02. Existe unha volta ao crecemento do desemprego, o subemprego, a pobreza e a indixencia, continuando a deterioración dos ingresos populares e a precariedade das relacións laborais⁽³⁾.

A aceleración inflacionaria é preocupante, pois acrecenta causas externas e internas. Entre as primeiras remito ao crecemento dos prezos das *commodities*. Entre as segundas, o propio crecemento económico xerou unha disputa pola apropiación de rendas extraordinarias nos sectores con capacidade de fixar os prezos e que confirman un volume acrecentado do poder de compra dunha parte da poboación.

As políticas antiinflacionarias de acordos de prezos tiveron resultados limitados e, por primeira vez na historia, interveuse na formulación dos datos estatísticos, con consecuencias dramáticas en materia de información veraz. A preocupación goberamental por conter os indicadores de inflación remiten ao vínculo entre a nova débeda renegociada en maio de 2005 coa evolución dos prezos e a economía

(2) Trátase dos Dereitos Aduaneiros que se aplican sobre exportacións e importacións. As retencións móbiles anunciáronse o 11/03/2008. Despois de aprobadas na Cámara de Deputados da Nación, con reformas ao proxecto orixinal remitido polo Poder Executivo, foron rexeitadas polo Senado da Nación por expreso voto do vicepresidente, pondo en evidencia a crise na cúpula do Executivo.

(3) A inflación do 2007 anunciouse do 8,7% contra unha estimación de distintas fontes da orde do 25 ao 30%. A Pobreza baixou do 57% en 2001 a 24% en 2007, estimándose preto ao 30% polo deterioro inflacionario. O desemprego é da orde do 8% e unha poboación traballadora en situación irregular do 40%.

local. A necesidade de non expor ás finanzas públicas a unha sangría de recursos é a explicación da intervención oficial sobre os indicadores de inflación. É unha situación de difícil solución, agravada co transcorrer do tempo.

No ámbito político, púxose de manifesto a deterioración do consenso gobernamental e a fragmentación do partido de goberno e a súa forza no Parlamento, perdendo a votación polas retencións no Senado da Nación, nada menos que co voto do vicepresidente Julio Cobos, só habilitado para votar en caso de empate. Na Cámara de Deputados, cámara de ingreso do proxecto de retencións, o Executivo lograra unha mínima diferenza en prol (129 a 121). Máis aínda, nese proceso dividiuse a CXT e o bloco empresario do agro retirouse do bloco de alianzas á política gobernamental, a pesar de ser beneficiados pola política cambiaria de dólar alto desde a depreciación e saída da convertibilidade ao comezo de 2002.

O escenario político mudou substancialmente neste primeiro semestre de 2008. Dunha situación de hexemonía sen oposición política efectiva no inicio do ano, culmínase cunha situación de descontento social, especialmente en sectores que favoreceron co seu voto ao goberno e a urxencia dun reclamo social vangardizado por concepcións liberalizadoras favorábeis á constitución dun bloco político e social de dereitas. A disputa socio-política atopou á esquerda partidaria e nos movementos sociais dividida nas opcións preferentes por unha lóxica binaria incorrecta entre o apoio ao “goberno” ou ao “campo”. Moi lonxe, por certo do nivel de consenso e mobilización obtido entre 1997 e 2003, período de ascenso da protesta e organización do movemento popular e da esquerda.

Houbo dificultades para expresar unha opinión e posición alternativa ao par dialéctico entre goberno e campo, que puidese superar os límites da hexemonía soieira e transnacional do negocio agrario e do discurso crítico ás políticas hexemónicas dos anos 1990, sostidas polo goberno, e que non se expresan en cambios estruturais que revertan as reformas regresivas instaladas na década pasada. Esta última é quizais, a principal crítica que pode sosterse ao exercicio do goberno desde 2003, a partir de importantes críticas que o mesmo realiza ás políticas hexemónicas nos anos 1990 e con escasas ou nulas modificacións para revertir os efectos dos regresivos instrumentos xerados para a apertura económica, a liberalización e as privatizacións. Claro que ese discurso crítico significoulle o apoio de sectores de esquerda e do movemento popular, contribuíndo ao desarmamento organizativo e de propostas para estruturar un movemento político alternativo.

Conflitividade agraria

O conflito vivido no país entre o anuncio de aplicación de retencións móbiles para a produción agropecuaria puxo en evidencia en boa parte da sociedade as profundas transformacións no funcionamento do capitalismo, especialmente agrario, na Arxentina. É un debate interesante, pois esas transformacións

Cadro 2
Principais produtos primarios da Argentina

	Soia			Millo			Trigo		
	I	II	III	I	II	III	I	II	III
1997/98	7,1	6,9	18,7	3,7	3,1	19,3	5,9	5,7	14,8
1998/99	8,4	8,1	20,0	3,2	2,5	13,5	5,4	5,3	12,4
1999/00	8,7	8,6	20,1	3,6	3,0	16,7	6,3	6,1	15,3
2000/01	10,6	10,4	26,8	3,4	2,8	15,3	6,4	6,4	15,9
2001/02	11,6	11,4	30,0	3,0	2,4	14,7	7,1	6,8	15,2
2002/03	12,6	12,4	34,8	3,0	2,3	15,0	6,3	6,0	12,3
2003/04	14,5	14,3	31,5	2,9	2,3	14,9	6,0	5,7	14,5
2004/05	14,3	14,0	38,3	3,4	2,7	20,4	6,2	6,0	15,9
2005/06	15,3	15,0	40,4	3,1	2,4	14,4	5,2	4,9	12,5
2006/07	16,1	15,9	47,6	3,5	2,7	21,8	5,6	5,5	14,5

Fonte: Ministerio de Economía, Sitio en Internet.

I Superficie sementada en millóns de ha. II Superficie colleitas en millóns de ha. III Produción en millóns de toneladas.

estruturais aparecen ocultas no imaxinario común, obstruíndo as análises correspondentes.

Aparecen deste xeito facetas descoñecidas do capitalismo que se desenvolveu no país a partir dos cambios operados na década de 1990, como continuidade do proxecto orixinado polos militares golpistas de 1976⁽⁴⁾. Era un debate ausente, só reservado para algúns especialistas de centros de investigación ou da universidade. O que socialmente era presentado como accionar de “produtores e chacareros”, en alusión á pequena actividade agraria, adquire agora a categoría máis explícita e precisa de burguesía rural. Agora recoñécense cambios nos sectores agrarios e asociado ás formas de explotación da terra e á inserción funcional do país na división internacional do traballo que definen as transnacionais da biotecnoloxía, a enerxía e os alimentos.

Nalgunhas análises políticas e económicas sobre a situación agraria no país manteñen unha reflexión que remite a comezos ou mediados do século XX. En rigor, o noso presente é o resultado das políticas favorábeis á iniciativa privada formuladas nos anos 1990, baixo o imperio do denominado “Consenso de Washington”, e que recoñece antecedentes no programa do capital hexemónico en tempos da ditadura xenocida (1976-1983). A mediados da década pasada habilitouse a produción de transxénicos potenciando a produción de soia como principal cultivo para a exportación e extensión da fronteira agrícola (Cadro 2), moitas veces á conta de erradicar comunidades de pobos orixenarios, ou colonias de campesiños, ou produtores pequenos e medianos, até desprazando outras producións agrarias.

(4) As políticas de orientación neoliberal remóntanse na Arxentina á Ditadura militar (1976-1983) e especialmente entre 1989 e 2001, baixo os gobernos constitucionais dos doutores Carlos Menem (1989-1999) e Fernando De la Rúa (1999-2001).

Pode observarse (Cadro 2) como a extensión sementada e cultivada e a produción correspondente de millo e trigo mantense en termos relativos a través do tempo, mentres que os algarismos relativos á soia increméntanse substancialmente co correr dos anos. A triloxía de funcionarios do Poder Executivo por eses anos, integrada por Carlos Menem, Domingo Cavallo e Felipe Solá⁽⁵⁾ outorgaron carnaza á funcionalidade do capitalismo local respecto ao sistema mundial, afirmando o carácter de Arxentina como proveedor de materias primas ao mercado mundial. As producións de trigo ou millo manteñen en media a terra destinada para o seu cultivo na última década, non ocorrendo o mesmo coa soia, que pasou de 7 a 16 millóns de hectáreas e de 18 a 47 millóns de toneladas nunha década.

O que pretendemos sinalar é que os cambios que agora se analizan no debate contemporáneo teñen orixe nos cambios operados na década pasada e insírense como fenómeno estrutural da inserción subordinada da Arxentina no sistema mundial.

Cambios sociais e política económica necesaria

Cando un pensa nas empresas que manipulan o paquete tecnolóxico necesario para a produción primaria (Monsanto, Cargill, Syngenta, entre outras); nos grandes exportadores concentrados; ou nos *pool* financeiros que interveñen na produción agraria, naquel momento, os verdadeiros donos da produción agraria, resulta que a simple propiedade da terra non alcanza para definir as formas da dominación no ciclo produtivo do campo facendo máis complexo o problema.

Historicamente, considerouse á propiedade concentrada da terra como un dos principais factores da dominación na construción e desenvolvemento do capitalismo local. O que pretendemos é sinalar a complexidade da dominación actual, máis aló da tenencia da terra. Claro que eses sectores citados, altamente concentrados, poden tamén ser propietarios e, por iso, constitúense en actores principais do negocio agrario contemporáneo. Son temas a considerar para analizar os cambios sociais e diferenciar o papel que asumen aqueles que concentran as decisións e a propiedade no campo, a respecto dos pequenos e medianos propietarios, sexan activos produtores dos seus campos ou rendeiros que privilexian ingresos derivados da valorización inmobiliaria.

O que importa na produción contemporánea é o acceso ao capital suficiente para investir en maquinaria, sementes, agroquímicos, sen prexuízo dos recursos necesarios para o arrendo ou compra da terra en condicións de producir. É un proceso de industrialización do proceso agrario, resultado da liberalización e do desenvolvemento

(5) Presidente, ministro de Economía e secretario de Agricultura, respectivamente. Este último, Felipe Sola, foi tamén gobernador da Provincia de Bos Aires entre 2003 e decembro de 2007. Foi un dos principais obxectores do proxecto oficial na Cámara de Deputados.

mento tecnolóxico xerado nestes anos e que posibilita o dominio financeiro sobre a produción agropecuaria. Son factores chave para explicar as mudanzas sociais e culturais no sector agrario. É un tema que transcende a análise económica e proxéctase no plano político e cultural.

A mediados da década de 1990, aínda tiñamos unha poboación rural con tendencia á urbanización en poboamentos próximos á facenda ou leira en que se producía. De xeito crecente ven avanzándose nunha urbanización afastada dos pobos próximos aos campos. Engadamos unha práctica que se estende en forma crecente e é que os investidores que rendan terras (o *pool*), non só alugan os campos senón que, nalgúns casos, aproveitan a capacidade (coñecemento e habilidade) dos propietarios desas terras como xerentes ou administradores doutras leiras situadas en zonas sen tradición soiera. Así, o antigo produtor transfórmase en rendeiro e empregado do modelo de concentración do negocio agrario.

Un caso que pode servirnos de exemplo é a provincia do Chaco, onde se reduciu substancialmente a produción algodoeira para ser substituída pola soia. As habilidades relativas a cultivos tradicionais fóra da pampa húmida son refugadas por outras culturas produtivas que supón diferentes formas de organización do traballo. Iso require de mobilidade de produtores, empresarios e profesionais para administrar e organizar o novo destino das terras, os equipos e os seus traballadores.

Os cambios culturais que se xeraron na poboación involucrada nos novos cultivos son profundos e incide na conduta política que tanto sorprende. Non pode compararse cos protagonistas do Berro de Alcorta⁽⁶⁾ aos actuais propietarios de terras, aínda pequenos e asociados á FAA, que xa non viven no campo (explotación agropecuaria), e que nin sequera viven xa no pobo próximo á produción (algúns dos cales rendan as súas propiedades). Sen negar, está claro, que aínda existe unha porción de pequenos propietarios de terras que habitan os pequenos pobos, até que radican nas súas propias leiras, ou aqueles que sosteñen un ciclo produtivo non invadido polos transxénicos e os xeneralizados novos métodos de produción no campo.

Debe incluírse que, até por cuestións xeracionais, de segunda, ou terza xeración, parte da poboación orixinaria do agro mudouse por terse transformado en empresarios polifuncionais (do agro, a industria, os servizos, ou investidores da propia renda) ou profesionais, habitantes das grandes cidades e capitais de provincia, co cal ármase un mapa socio-cultural distinto e que cumpre atender á hora de pensar os problemas do campo arxentino para a primeira década do século XXI. Iso inclúe as formas e maneiras de organización sectorial e a repre-

(6) Acontecemento histórico desenvolvido en 1912 e que deu nacemento á Federación Agraria Arxentina (FAA). A reivindicación era esgrimida por pequenos produtores ou chacareros non propietarios que pretendían melloras nos contratos de arrendo. O usual entón eran contratos de curta duración que elevaban o prezo de arrendamento ante as melloras incluídas nos campos polos arrendatarios.

sentación social e política. É unha reflexión que involucra ás organizacións do campo, os cambios na súa composición interna, as súas relacións e vínculos entre si e co resto da sociedade.

Polo tanto, un dos debates é o relativo ás retencións, móbiles ou fixas, a súa capacidade de desvincular os prezos internacionais dos do mercado interno e o seu canto fiscal, e outro é o relativo ao cambio de estrutura social na Arxentina. Non incluír a dimensión de estrutura social conduce a serios erros políticos que inciden negativamente na necesaria modificación da orde económica e social.

Os tres niveis aludidos do problema (desvinculación de prezos internacionais, fiscal e estrutural) lévannos a pensar en políticas posíbeis a transitar no curto prazo. Se a cuestión é desvincular as fluctuacións internacionais de prezos, o mellor será restablecer as xuntas de grans, carnes, leite, etc⁽⁷⁾. Máis que retencións, trátase dunha intervención directa do Estado para concentrar o comercio internacional de produtos do agro (e doutros) e unha definición sometida a debate público sobre a asignación de excedentes fiscais que privilexien o consumo popular a prezos asociados a custos de produción local e ao pleno funcionamento de políticas que aseguren soberanía alimentar da poboación. Cando se discute sobre a “intervención estatal” é bo identificar os sectores sociais beneficiarios desa política. As retencións foron aplicadas por gobernos de diferente natureza e carácter para resolver ecuacións de poder en cada momento histórico. Os gobernos sempre interveñen na economía, só resta definir en prol de quen.

En materia fiscal resulta necesario discutir o réxime tributario, a súa regresividade (o principal imposto é ao consumo) e a coparticipación federal definida na reforma constitucional de 1994⁽⁸⁾. Os avances na recadación tributaria dos últimos anos necesitan redistribuírse, o que demanda unha reforma impositiva con discusión da orixe e aplicación dos fondos. Trátase de que nas novas condicións produtivas se asegure un desenvolvemento integral das distintas zonas e rexións, tanto para o desenvolvemento local como para unha integración na rexión latinoamericana e caribeña que poida proxectar a dimensión de soberanía alimentar e popular máis aló do país.

É en definitiva interrogarse sobre cal sería a política agropecuaria que a Arxentina necesita, ou até a que América Latina e o Caribe requiren para sustentar un desafío de soberanía alimentar onde o eixo central sexa que as súas poboacións se alimenten adecuadamente. Na axenda de fondo, estrutural, cumpre discutir o “modelo produtivo”.

(7) As Xuntas Reguladoras foron desmanteladas en 1992, en pleno auge das políticas neoliberais sustentadas no goberno de Carlos Menem (1989-1999) e Domingo Cavallo (1991-1996).

(8) A reforma constitucional establecía dous anos de prazo para instalar un novo réxime de coparticipación federal, forma de repartir os recursos fiscais entre a Nación e as Provincias. Pode alegarse que os problemas políticos e a propia crise de 2001 demoraron a súa aplicación. Aliás, as reformas tributarias organizadas desde 2003 estableceron a centralización na recadación sen coparticipar ás provincias. É un tema que reclaman para si os Estados provinciais.

A cuestión do modelo produtivo

A aposta post-depreciación (2002) foi a recuperar capacidade vadia industrial produto da destrución de produción local xerada en tempos de convertibilidade cambiaria (1991-2001), agravada con investimentos realizados polas facilidades outorgadas para o ingreso de bens de capital nos anos 1990. Esa incorporación de maquinarias e equipos, que contribuíron a xerar a capacidade vadia aludida, significaron tamén o endebedamento das empresas co exterior e o sistema financeiro.

En rigor, a pesificación asimétrica⁽⁹⁾ (comezos do 2002) veu resolver o endebedamento privado en prol dos endebedados e cun custo ao conxunto da sociedade. O mantemento do un a un nos créditos foi un subsidio que toda a sociedade outorgou aos debedores co sistema bancario á saída da crise de finais do 2001. O seu custo materializouse no crecemento do endebedamento público e que hoxe impón sacrificios fiscais e postergan a satisfacción de necesidades populares por ausencias de recursos públicos afectados a cumprir cos compromisos externos.

O crecemento económico destes anos (2003-2007) expresa unha recuperación da capacidade vana do sector produtivo (industrial) que foi ampliado no caso do agro porque seguiron favorecendo os prezos internacionais, especialmente coa suba operada nos últimos anos. No campo –aínda na recesión previa á saída da convertibilidade– había unha expansión da fronteira agrícola, tal como se observa no Cadro 2. Había unha renovación de equipamentos que a depreciación (2002) potenciou na produción e, especialmente, cun fenómeno que na agricultura viña desde mediados da década de 1990. Mais na industria, o despegue veu co nivel do tipo de cambio que se estableceu entón, que despois atopou un punto de estabilización arredor dos 3 pesos por dólar, aínda cos reclamos de profundar a política deflacionista para asegurar a competitividade internacional.

Todo indica que hai límites moi fortes para a continuidade da expansión produtiva, especialmente industrial, porque o sector que administra o aparello produtivo arxentino é un sector maioritariamente composto polo capital externo transnacional. Estamos falando de propietarios de empresas tanto no agro, como na industria, así como en servizos, e todo indica que no último ano –desde agosto de 2007– cando empeza con relativa forza a inestabilidade dos mercados financeiros en EEUU e que puxan un contaxio dos mercados financeiros a nivel internacional, provoca un cambio de tendencia. Se nos últimos 5 anos o sistema mundial viña en expansión, no último ano comezou unha tendencia en declive da situación mundial, de desaceleración económica, e isto fai que estes operadores que dirixen o proceso de investimentos e produción na Arxentina estean mirando negocios máis globais, conscientes de que o país mantén unha inserción global marxinal, excepto no seu carácter

(9) Así chamouse á modificación do réxime de convertibilidade, cuxa tendencia desembocaba na dolarización da economía arxentina. A pesificación asimétrica supuxo a permuta dos depósitos ao troco de 1 dólar por 1,40 pesos; mentres que, para os préstamos, a paridade mantívose nun 1 peso por dólar.

de provedor de materias primas con escasa ou nula agregación de valor. Esgotada que está entón a utilización da capacidade vada e non existindo unha mirada empresarial posta en ampliar o proceso produtivo, o prognóstico sobre evolución económica é restrinxido á capacidade de arrastre de decisións previas e en proceso.

Acontece algo semellante co Estado arxentino e as súas decisións a respecto de incidir positivamente no proceso de ampliación dos investimentos. A afirmación alude a unha valoración das políticas públicas que non variaron substancialmente a súa acción nos últimos anos a respecto da década de 1990, impedindo constituír ao Estado nun importante investidor de risco, papel que tiña no ciclo de desenvolvemento capitalista entre finais dos anos 1920 e comezos da década de 1990.

Un exemplo nese sentido pode atoparse na petroleira estatal ENARSA, creada no último período goberamental para tentar incidir no mercado petroleiro local. Está inserida nun sector estratéxico e con escaso capital, porque está á procura de socios externos para avanzar na explotación da plataforma extracontinental, xa que a privatización en 1993 da empresa Yacimientos Petrolíferos Fiscales (YPF), a maior empresa por facturación no país, incluíu a concesión de todos os pozos no territorio continental. ENARSA transita o camiño da asociación con capitais externos subordinando unha estratexia propia para reinserir a economía estatal na procura e explotación de recursos enerxéticos. Moitas expectativas concentráronse na asociación con PDVSA, a empresa petroleira venezolana, que non acaban de frutificar en proxectos concretos, ou na asociación estratéxica coas potencias hidrocarburiíferas na rexión, como son os casos de Bolivia ou Venezuela.

Outro exemplo asóciase ao debate actual pola recuperación da privatizada Aerolíneas Argentinas (AA), cun proxecto orixinario en debate que pode significar asumir para o Estado o endebedamento e o quebranto privado para, unha vez saneada, volvela privatizar. A discusión política xerada en materia de retencións agrícolas foi un estímulo para a discusión da reestatización, o seu valor e o monto da débeda, os seus responsábeis e o tipo de organización empresarial para a súa operatividade.

Todo o dito leva a discutir os potenciais usos das reservas internacionais, estábel en 47.000 millóns de dólares despois da crise polo conflito agrario, pois superara a comezos do 2008 os 50.000 millóns de dólares. Discutir o uso das reservas internacionais supón debater o papel do Estado na promoción do investimento público e na actividade económica en xeral, revertendo o sentido común hexemónico instalado en tempos de políticas neoliberais durante máis de trinta anos. O interrogante é se estes recursos públicos se utilizan parcial ou totalmente para potenciar un ciclo investidor con forte presenza estatal (até asociada a outros Estados na rexión), ou se alenta a continuidade da subordinación ás expectativas de investimento do capital excedente no ámbito mundial.

A comezos de setembro de 2008, con motivo de celebrarse o Día da Industria, a presidenta Cristina Fernández anunciou ante un conxunto de empresarios o pagamento con reservas de libre dispoñibilidade de 6.706 millóns de dólares para cancelar débedas ao Club de París. Trátase dun organismo que reúne no seu seo a 19

países, entre os cales teñen carácter hexemónico o Grupo dos 7 países capitalistas máis poderosos, que se autodesignan como supervisores do sistema mundial. O argumento utilizado repetiu fundamentos ofrecidos polo goberno de Néstor Kirchner: o desdebedamento. Un grande interrogante é a primacía da débeda externa sobre a interna, da cancelación ante os acredores financeiros con anterioridade á débeda social gigantesca produto de anos de transferencia de recursos, riqueza e poder a un núcleo concentrado do capital transnacional.

Trátase dunha medida controvertida, porque a persistencia do incumprimento fechaba as portas do país ao financiamento externo, excepto as operacións solidarias procedentes de Venezuela, con taxas de interese crecente, as que devolvían unha imaxe de vulnerabilidade externa da economía local. Para que se requiría ese financiamento? Esa é a cuestión de fondo, xa que Arxentina segue presa do condicionante que supón o endebedamento orixinado en tempos da ditadura xenocida. Arxentina endebedase para cancelar débeda nun camiño sen fin. Coa política de desdebedamento, o país pretendía sacarse de riba o problema e a realidade mostra que se continúa cun obstáculo estrutural. As reservas caerían a 40.000 millóns de dólares, mais a motivación apunta a recompor a iniciativa política para o relanzamento do programa económico e recuperar capacidade de acción ante a hexemonía disputada. Insistimos en considerar a situación a comezos de 2008 e agora despois do conflito agrario, cunha perda de 10.000 millóns de dólares de reservas internacionais, unha cifra semellante ao pagamento anticipado ao FMI para cancelar débedas a fins do 2005. Un custo moi elevado para o intento actual de recuperar a iniciativa política.

En definitiva, o modelo de acumulación de capitais na Arxentina está amplamente subordinado á dinámica de expansión do sistema capitalista mundial, especialmente indicado como provedor de alimentos e materias primas. O agro (agronegocio mantido en soia transxénica), a agroindustria (carnes, lácteos, aceites) e a industria extractiva (minaría, petróleo) son os sectores máis dinámicos e de maior expansión nos últimos tempos, con tendencia a manter ese carácter, e até a acrecentarse, no próximo período.

A expansión industrial confirma un destino ao exterior, máis que ao interior da Arxentina, da produción de alimentos, de carros, de aceiros e de todos aqueles produtos que dinamizan o crecemento industrial, sendo iso unha das razóns para conter o custo de produción, en especial dos salarios. O destino da produción privilexia o mercado mundial e o local con grande capacidade de consumo. A industria automotriz e da construción son claras a respecto diso, pois son parte importante do crecemento dos últimos anos, mais consolidan ambas un consumo suntuario sustentado nunha distribución regresiva e concentrada do ingreso nacional.

O patrón de produción local define a regresiva distribución do ingreso para un consumo de alta capacidade ou localizado no exterior. A Arxentina é provedora de alimentos e pode estar afectando seriamente a súa soberanía alimentar.

Está en xogo o que e como se produce, quen produce, todo o cal supón definir o destino para o consumo desa produción socialmente xerada. Este é o segredo da distribución do ingreso tan discutida nos últimos días. O punto está na produción, no xeito de producir e nas políticas que a respecto diso fixe o Estado. Alí defínese o tipo de consumidor desa produción e, polo tanto, o sentido da distribución do ingreso. Lamentablemente, este aspecto da discusión segue sendo unha materia pendente.

Algunhas consideracións finais

Os novos datos para a análise da conxuntura local proveñen da política. O consenso restablecido construíuse, como comentamos, baixo distintas tácticas. En primeiro lugar, instalouse o proxecto “transversal” que implicaba involucrar no núcleo hexemónico a sectores máis aló do peronismo e, por iso, apareceron preto do proxecto de goberno dirixentes e agrupacións con tradición na esquerda e do movemento popular (piqueteiros, sindicalistas da Central de Traballadores da Arxentina, CTA, ex guerrilleiros, entre outros).

Logo pasouse á concepción de “concertación plural” que involucrou a disidentes do radicalismo, especialmente afectados á función gobernal nos seus pobos ou provincias. Esa foi a razón para a integración da fórmula presidencial cun “radical” (provinde da Unión Cívica Radical, UCR) como Julio Cobos. Con todo, a inicio de 2008 fixéronse acordos para a normalización do Partido Justicialista (PJ). É un proceso recentemente rematado e que, con todo, no marco do conflito agrario, as primeiras fisuras no PJ reaparecen, lideradas agora polo ex presidente Eduardo Duhalde (2002/2003).

Todo iso sobrevive xustaposto actualmente (transversalismo, concertación e normalización do PJ). A realidade presente e a futuro próximo é a crise da política, especialmente das representacións tradicionais (PJ e UCR), mais ninguén fica á marxe desa crise na que se ven afectados todos os proxectos políticos e organizacións sociais con proxección política.

A renovación presidencial será en 2011 e existirá unha renovación lexislativa en 2009, onde se porá a proba o acumulado ou non neste período. O problema de Arxentina segue sendo a ausencia de alternativa política popular. Unha parte do movemento popular e da esquerda está sendo absorbida polo proxecto de goberno ou franxas a el asociadas. Outra parte asume un papel testemuñal, de isolamento, que nega os matices históricos e políticos presentes na década presente e a anterior. Paralelamente, unha franxa menor moi fragmentada tenta articulacións populares para un proxecto alternativo.

Entre varias iniciativas de agrupamento de espazos políticos de esquerda e do movemento popular destácase a convocatoria a un movemento por unha Asemblea Constituínte impulsada pola Central de Traballadores Arxentinos (CTA). É

un intento por artellar colectivamente un diagnóstico de realidade e a proposta para organizar unha alternativa política sustentada no poder popular.

En xeral, a tendencia da Arxentina é confirmar a súa funcionalidade á demanda do sistema mundial do capitalismo como provedora de materias primas, recursos naturais e alimentos. A crise política é un fenómeno estrutural e no horizonte próximo albíscase unha disputa por consolidar un novo par político no país, cun bloco máis próximo á centro esquerda (epicentro no peronismo) e outro máis aliñado á dereita, que por agora atopa liderados compartidos. É unha necesidade contribuír a afondar as procuras de alternativa para asociar o proceso nacional ás tendencias de cambio que operan na rexión. Iso supón urxencia dunha perspectiva política baseada na organización do poder popular e que se propoña o cambio do sistema de relacións sociais. É unha cuestión presente na rexión e ausente como fenómeno visíbel na Arxentina.

Bos Aires, setembro de 2008.

Julio C. Gambina é profesor titular de Economía Política na Facultade de Dereito da Universidade Nacional de Rosario, presidente da Fundación de Investigacións Sociais e Políticas, FISYP, e membro do Comité Directivo do Consello Latinoamericano de Ciencias Sociais, CLACSO.